

A industria e a paisaxe

As fábricas transforman a paisaxe. Adóitanse instalar unhas xunto a outras e forman un grande espazo que se chama **polígono industrial**. 1

Os polígonos industriais constrúense xunto ás estradas e as vías de ferrocarril. Así poden chegar con facilidade as materias primas ata as fábricas e poden saír os produtos industriais ata os lugares en que se venden.

As industrias poden xerar fumes e residuos que contaminan o aire, os terreos ou as augas. Por iso, é importante que teñan filtros e que cumpran todas as medidas de seguridade para **reducir a contaminación**.

As industrias fabrican produtos. Segundo os produtos que obteñan, clasifícanse en industrias de base ou de consumo.

As fábricas agrúpanse en polígonos industriais e transforman as paisaxes.



1 Polígono industrial.

TRABALLA COA IMAXE

Intelixencia especial

- Como son os edificios da fotografía, grandes ou pequenos?
- Por que pensas que hai estradas preto?

ACTIVIDADES

- 1 Copia a táboa no caderno e escribe o nome de cada produto na columna correspondente.



cemento



gasolina



coche



leite




lámina de metal

TIPOS DE INDUSTRIA

Industrias de base	Industrias de consumo
—	—

- 2 EDUCACIÓN EN VALORES. Como pode a industria transformar a paisaxe?
- 3 Pensa e escribe que industrias de consumo pode haber. Dá outros exemplos que non estean no texto.

NOTAS

Estades a traballar moi ben!
Ánimo que ides a aprender moitas cousas!



É importante que fagades boa letra.

Necesitades ter un plan de traballo, preferentemente polas mañás como si estiverades traballando no colexio.

Debedes intentar memorizar o resumo do tema para tentar de quedarvos con algún conceptos.

Antes de comezar a estudar o novo, debedes darlle un repaso ao que xa estudiádeses a semana pasada.

Ánimo que o estades a facer moi ben!

Solucionario

- 1 Tipos de industrias de base: cemento, lámina de metal, gasolina. Industrias de consumo: leite e coche.
- 2 Educación en valores. A industria modifica a paisaxe mediante a construción de fábricas, polígonos industriais e vías de comunicación. Ademais, algunhas industrias xeran fumes e residuos que contaminan o aire, os solos e as augas. Aproveite para transmitirles aos alumnos a importancia de adoptar medidas de seguridade nas fábricas para manter limpo o medio natural.
- 3 R. M. Entre as industrias de consumo pódense citar, por exemplo, a industria informática, a de telecomunicacións, a de calzado, a de mobles, a téxtil...